

para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

B) Cando se trate de servizos periódicos:

— Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa.

ARTIGO 9º. INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase:

— Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade na Tesorería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

— Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

— Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

ARTIGO 10º. INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11º. NORMAS DE XESTIÓN

— As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e os demais requisitos que esixa o concello.

— Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

— Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión extraordinaria de 22 de outubro de 2008, entrará en vigor momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2009., permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais polo Concello de Cotobade acórdase a imposición e ordenación da Taxa por servizos de tratamento e eliminación residuos sólidos urbanos.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constitúen o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais ou establecementos

onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

A tal efecto considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obra, detritos humanos, materiais e materias contaminadas, corrosivos, perigosos ou si a recollida ou vertido esixe a adopción de especiais medidas hixénicas, profilácticas ou de seguridade.

2.—A recepción do servizo de recollida de lixo ten carácter obrigatorio para tódolos inmovibles situados nas zonas onde se preste o servizo.

3.—Non está suxeito a taxa os seguintes servizos:

- Recollida de lixo e residuos non calificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- Recollida de escouras e cinzas de calefacción.
- Recollida de escombros de obras.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

1.—Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazos, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

2.—Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Responderán da deuda tributaria os deudores principais xunto con outras persoas ou entidades. A estes efectos considérase deudores principais os obrigados tributarios do artigo 35.2 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso a responsabilidade será subsidiaria.

No tocante a responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43 respectivamente da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

A taxa esixírase de conformidade co seguinte cadro de tarifas:

Vivendas	10,00 €/ano
Comercios, bares, pequenos establecementos exerzan actividades económicas	20,00 €/ano
Establecementos hostaleiros de menos de 10 habitación	20,00 €/ano
Gasolineiras, industrias e almacéns, supermercados, entidades bancarias ...	40,00 €/ano
Salas de ocio (salas de festa, discotecas, pubs)	40,00 €/ano
Establecementos hostaleiros de máis de 10 habitacións	40,00 €/ano

ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 7º. DEVENGO

1.—Devengase esta Taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido o funcionamento do servizo de tratamento e eliminación do residuos sólidos urbanos.

2.—Establecido o funcionamento do servizo, as cuotas devengarase o primeiro día hábil do período que sinala a tarifa da taxa, ou no seu caso na data que se realice o feito imponible.

ARTIGO 8º. DECLARACIÓN E LIQUIDACIÓN

1.—A taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no padrón correspondente.

2.—Se se utiliza o servizo sen mediar solicitude, darase de alta de oficio no padrón, liquidarase e notificarase a mesma ós interesados, sen perxuízo da apertura do correspondente expediente sancionador.

3.—Unha vez producida a alta no correspondente padrón a liquidación da taxa acomodaranse ao procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula,...).

ARTIGO 9º. INGRESO

1.—As cuotas desta taxa liquidaranse e esixiranse no momento de presentala correspondente solicitude polos períodos non declarados, producíndose o alta no correspondente padrón.

2.—Unha vez producida o alta, a taxa exaccionarase por padrón esixíndose o importe da mesma no prazo que sinala a tarifa da taxa.

ARTIGO 10º. INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11º. NORMAS DE XESTIÓN

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e os demais requisitos que esixa o concello.
- Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.
- Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso-administrativo na forma e prazos determinandos na Lei 29/1998 de xurisdicción contencioso administrativa.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

O Concello realizará o alta de oficio nesta taxa de tódolos aboados que figuren no Padrón Fiscal de Recollida de Resíduos Sólidos Urbanos na data de comenzo da prestación do servizo de Tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA REGULADORA DO SERVICIO DE ASISTENCIA NO FOGAR

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA

A presente ordenanza fiscal, cuxo acordo de derogación se aprobou provisoriamente polo Pleno da corporación na sesión extraordinaria de 22 de outubro de 2008, deixará de surtir os efectos propios quedando expresamente derogada a partires do día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais Reguladoras das Facendas Locais, os interesados poderan interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados partires do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

En Cotobade a 5 de decembro de 2008.—O Alcalde, Manoel Loureiro Adán. **2008012463**

A N U N C I O

Rematado o prazo de exposición ao público sen producirse reclamacións contra o acordo plenario de data de 30 de outubro de 2008 (BOP nº 216 de 6 de novembro de 2008 no que se adoptou entre outros o acordo de aprobar provisionalmente a Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles elévanse a definitivo dito acordo e en cumprimento do establecido co artigo 17.3 e 17.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais Reguladoras das Facendas Locais, publícase o texto íntegro da aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles :

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E RÉXIME

1. No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, o artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e de acordo co previsto no artigo 59.1 e artigo 15.2 do Real Decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Cotobade establece o Imposto sobre Bens Inmóbles.

2. Este imposto rexerese polo disposto nos artigos 60 a 77 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polas disposicións que o desenvolvan e polo disposto nesta Ordenanza.

ARTIGO 2º.—NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

1. O imposto sobre bens inmóbles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmóbles sitos no termino municipal de Cotobade.

2. Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóbles rústicos e urbanos e sobre os inmóbles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóbles ou sobre os servizos públicos aos que estean afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Do dereito de propiedade.

3. A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecido determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades nel previstas.

4. Aos efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmóbles rústicos, de bens inmóbles urbanos e de bens inmóbles de características especiais os definidos como tales no Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

5. No caso de que un mesmo inmovible se atope localizado en distintos termos municipais se entenderá, para os efectos de este imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

ARTIGO 3º.—NON SUXEIÇÃO

Non están suxeitos a este imposto:

- a) As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens do dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto.
- b) Os seguintes bens inmóbles propiedade do Concello de Cotobade
 - Os de dominio público afectos ao uso público.
 - Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello, agás cando se trate de inmóbles cedidos a terceiros mediante contraprestación.
 - Os bens patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.